

Bioloxía e Xeoloxía

Redes tróficas

Charca intermareal

Alternativa interactiva para a aprendizaxe de ecosistemas e das relacións das súas especies nunha rede trófica, neste caso, unha charca intermareal. A través de variadas dinámicas manipulativas e de representación visual, xunto a outras reflexivas traballadas desde a visión do método científico.

O laboratorio virtual permite investigar e reflexionar as consecuencias da exposición das especies a determinadas situacións, coa finalidade última de sensibilizar ao alumnado sobre a influencia da contaminación nos ecosistemas.

Características destacadas:

- Experiencia completa de aprendizaxe a través de actividades manipulativas e interactivas.
- Narrativa atractiva sobre a influencia dos microplásticos nas especies de la charca, que motiva ao alumnado a avanzar no contido e enfrontarse ás súas actividades.
- Experimentación guiada con distintas variables e interpretación das

consecuencias en gráficas.

- Creado con datos de investigacións reais realizadas en ecosistemas con especies de charcas intermareais propias de Galicia.
- **Idioma do contido:** galego.
 - **Obxectivos:**
 - Facilitar a interiorización de conceptos relativos ao ecosistema da charca intermareal: condicións, especies e relacións na rede trófica.
 - Coñecer e aplicar de forma guiada as distintas fases do método científico, para o desenvolvemento das súas competencias científicas, capacidade de análise e resolución de problemas.
 - Proporcionar unha ferramenta virtual para a experimentación segura, controlada e guiada con especies, simulando a análise de mostras naturais que se realizarían nun entorno de forma presencial.
 - Aprender a interpretar gráficas e identificar as variables dependentes, independentes e constantes.
 - Educar e sensibilizar en valores ambientais a través do coñecemento dos factores que inflúen na
- mortalidade das especies estudadas na rede trófica.
 - Acercar ao alumnado á súa realidade próxima, estudando un ecosistema propio de Galicia con especies que habitan nel.
- **Contidos:**
 - Ecosistemas, en concreto a charca intermareal e as súas especies. Desencadeantes de desequilibrios nos ecosistemas. Conservación ambiental.
 - Relación depredador/depredado. Redes tróficas.
 - Interpretación de gráficas e de variables dependentes, independentes e constantes.
 - Método científico.
 - **Número de sesións estimadas:**
2 ou 3, segundo nivel do alumnado.